

## **Lei 3/1987, do 27 de maio, de servicios sociais**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 35, do 23.6.1986.

Emendas, BOPG núm. 51, do 19.9.1986.

Debate de totalidade, DSPG núm. 26, do 23.9.1986.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 123, do 28.3.1987.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 126, do 9.4.1987.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 126, do 9.4.1987.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 51, do 28.4.1987.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 140, do 12.5.1987.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 103, do 2.6.1987.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 173, do 21.7.1987.

## **Lei 3/1987, do 27 de maio, de servicios sociais**

Esta lei foi derogada pola Lei 4/1993.

O dereito ó benestar social, como medio para favorece-lo pleno e libre desenvolvemento, participación e integración do ser humano na sociedade, debe ser unha das metas dos poderes públicos nunha comunidade moderna, orientada en prol da xusticia social dun Estado social e democrático de Dereito. A ese fin xeral pretende contribuír esta Lei, co fin de construír un sistema social máis xusto e máis avanzado, no que a liberdade da persoa sexa o punto que xustifique a acción dos poderes públicos.

Xa a Carta Social Europea, que recoñece os dereitos fundamentais dos cidadáns en materia social, dereito á asistencia sanitaria, á seguridade social, educación e cultura, entre outros, establece tamén o dos cidadáns a beneficiarse dos servicios sociais. Para aseguralo exercicio destes dereitos, a Carta, no seu artigo 14, afirma que os países asinantes se comprometen a promover servicios que, utilizando métodos de traballo social, contribúan ó benestar e ó desenvolvemento dos individuos e dos grupos na comunidade e á súa adaptación ó entorno social.

Esta Lei pretende establece-lo marco legal máis axeitado para a creación e funcionamento dun sistema de servicios sociais, encamiñado cara á prevención dos problemas sociais e á organización dos servicios e recursos nas dúas modalidades comunitarias especializadas, superándose deste xeito unha situación caracterizada por: a) a diverxencia do concepto entre distintos e simultáneos programas de atención social; b) a dispersión de esforzos e crecemento anárquico das respostas sociais; c) a coexistencia de reximes xurídicos en boa medida contradictorios e en parte superpostos; d) unha acusada centralización.

A Constitución e o Estatuto de Autonomía constitúen o marco fundamental para a construción dun sistema público de servicios sociais. A idea central e dominante da Lei afirma a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma na creación dun sistema público de protección social que, distinto pero non alleo ó da Seguridade Social, permita o desenvolvemento dunha acción social pública, eficaz, global e moderna partindo da idea da dignidade das persoas e da xusticia social.

A responsabilidade dos poderes públicos, a planificación e coordinación dos servizos sociais, a súa prevención, normalización, integración, solidariedade, descentralización e desconcentración, o fomento da participación democrática dos cidadáns na programación e no control dos servizos sociais, son principios fundamentais que a Lei pretende institucionalizar ó longo do seu articulado. Para levar a cabo estes principios a Lei precisa o ámbito de aplicación e as áreas de actuación, a organización dos servizos e equipamentos sociais. Así mesmo, regula con detalle as atribucións de competencia e funcións dos distintos entes e organismos e perfílanse os órganos de dirección, asesoramento e participación. En cumprimento dos principios xerais tampouco esquece a Lei as modalidades de acceso ós servizos e a súa financiación, sinalando a obriga do Goberno de consignar anualmente, con cargo os Presupostos Xerais, as cantidades destinadas a facer fronte ós gastos que se deriven do exercicio das competencias que se lle atribúen na presente Lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de Servizos Sociais.

## Título preliminar

### Artigo 1

Constitúe o obxecto da presente Lei a ordenación, estrutura e promoción dos servizos sociais de Galicia que garantan o dereito de tódolos cidadáns ó benestar social, como medio de favorecer-lo pleno e libre desenvolvemento, participación e integración na sociedade, previndo e eliminando as causas que están na base das situacións de marxinação.

### Artigo 2

Teñen dereito ós servizos sociais regulados na presente Lei e son beneficiarios das súas prestacións tódalas persoas de nacionalidade española residentes en Galicia.

Os galegos residentes fóra de Galicia terán dereito ás prestacións reguladas na presente Lei, cando as reciban en Galicia ou, cando estando en situación de necesidade, lles sirva de medio para o seu traslado definitivo á Comunidade Autónoma Galega.

Igualmente, poderanse beneficiar destes servizos os transeúntes de nacionalidade española, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

Ós extranxeiros, refuxiados e apátridas, seralles aplicado o disposto nos tratados e acordos internacionais.

## Título I

### Principios xerais

#### Artigo 3

Os servicios sociais regulados na presente Lei rexeranse polos seguintes principios:

1.— Responsabilidade dos poderes públicos.

Correspóndelles ós poderes públicos, a través dos organismos competentes en materia de servicios sociais, garanti-los recursos financeiros, técnicos, humanos e organizativos que fagan posible a promoción e o eficaz funcionamento do sistema público de servicios sociais.

Desde o marco de planificación e coordinación da Xunta de Galicia, a iniciativa pública e as iniciativas sociais inserirán as súas accións na prestación de servicios sociais contemplados na presente Lei.

2.— Planificación e coordinación.

O Goberno de Galicia asumirá a responsabilidade referida á planificación na prestación dos servicios sociais, coordenando as súas actuacións coas dos diversos poderes públicos e moi especialmente cos servicios sanitarios, culturais, educativos e urbanísticos da Administración Pública Galega e, no seu caso, as das iniciativas sociais, evitando os desequilibrios cualitativos territoriais e atendendo ás necesidades de maneira integral e non

fragmentaria, prestándose os servicios de acordo co estudio e tratamento global das necesidades sociais.

3.— Prevención.

Os servicios sociais tenderán non só a remediar situacións existentes de marxinación, senón tamén e primordialmente a prever-las causas que conducen ás citadas situacións.

4.— Normalización e integración.

1) As normas que se dicten terán a finalidade de integrar ós cidadáns nas institucións de carácter xeral, excepto cando, polas súas características específicas, requiran unha atención peculiar a través de servicios e centros especializados.

2) Os poderes públicos deberán dar a tódolos individuos as mesmas ofertas e posibilidades, acordadas coas necesidades que presentan.

3) Os servicios sociais prestaranse procurando mante-la permanencia das persoas e grupos no seu eido familiar e no seu entorno comunitario.

5.— Solidariedade.

Os poderes públicos fomentarán a solidariedade como principio integrador nas actuacións dos servicios sociais, en orde a supera-las condicións que dean lugar a situacións de marxinación, con especial apoio ó desenvolvemento do voluntariado.

6.— Descentralización e des-concentración.

A prestación dos servicios sociais, cando a súa natureza o permita, responderá a criterios de máxima descentralización mediante asunción de competencias e xestión dos servicios polas institucións e órganos próximos ó usuario de forma que sexan os entes territoriais os principais xestores, asegurándolles unha igualdade de servicios e prestacións a tódolos cidadáns de Galicia.

7.— Participación.

Os poderes públicos fomentarán a participación democrática dos cidadáns na programación e no control dos servicios sociais, a través das canles que se establezan.

## Título II

### Ámbito de aplicación

#### Capítulo I

##### Áreas de actuación

#### Artigo 4

A actuación dos servicios sociais encamiñárase á prevención dos problemas sociais e á promoción e organización de servicios e recursos. Terá as modalidades seguintes:

1.— Servicios sociais comunitarios.

2.— Servicios sociais especializados.

#### Artigo 5

Os servicios sociais comunitarios son aqueles que con carácter polivalente teñen por obxecto promover e posibilita-lo benestar social de tódolos cidadáns orientándoos, se é necesario, cara a uns servicios sociais especializados. Os servicios sociais comunitarios comprenden, entre outros:

a) Servicios sociais de información, orientación e asesoramento a tódolos cidadáns, en relación cos seus dereitos e recursos sociais existentes para a resolución das necesidades suscitadas.

b) Servicios sociais de animación, promoción e desenvolvemento da comunidade, sendo os seus obxectivos facilita-la participación en tarefas comúns, impulsa-lo asociamento e a constitución de organizacións sociais, axudas ó desenvolvemento da conciencia solidaria e previr situacións de marxinación.

c) Servicios sociais de axuda no fogar, para prestar un conxunto de atencións ós cidadáns no seu medio doméstico, naquelas situacións nas que non fose posible a realización das súas actividades habituais ou en casos de desintegración familiar.

#### Artigo 6

Servicios sociais especializados.

Son aqueles cunha actividade que incide, entre outras, sobre as seguintes áreas de actuación:

a) Servicios sociais de familia, infancia e adolescencia. O seu obxectivo é o desenvolvemento de actuacións e equipamentos destinados á protección das unidades de convivencia familiar e social, así como á atención de problemáticas que incidan no benestar dos menores.

b) Servicios sociais para a xuventude. Teñen por finalidade o desenvolvemento de actuacións e o establecemento de equipamentos encamiñados a normaliza-las condicións de vida da xuventude, as actividades socio-culturais, ocupacionais e recreativas.

c) Servicios sociais para a muller. O seu obxectivo é a promoción de actuacións que permitan previr e eliminar todo tipo de discriminación por razóns de sexo, coa finalidade de conseguirla plena e efectiva participación da muller na vida social con igualdade de oportunidades.

d) Servicios sociais para minusválidos. Teñen por finalidade o desenvolvemento de actuacións para diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais promovendo a prevención, tratamento, rehabilitación e integración social.

e) Servicios sociais para a vellez. O seu obxectivo serán as actuacións e o establecemento de equipamentos encamiñados a normaliza-las condicións de vida dos vellos.

f) Servicios para toxicómanos. O seu obxectivo é dar orientación e asistencia á persoa individualizada ou á familia nas situacións relacionadas co seu eido social e laboral, coordinada cos centros establecidos de atención específica.

g) Servicios sociais de prevención e tratamento da delincuencia de menores e mozos, atención especial a presos e reinserción dos ex-reclusos. Teñen por obxectivo a realización de actuacións tendentes á prevención da delincuencia e á reinserción social.

h) Servicios sociais para minorías étnicas. O seu obxectivo é a promoción de actuacións que xeren a igualdade real e efectiva destes cidadáns, respecto dos outros, por medio da superación das discriminacións.

## Capítulo II

### Servicios e equipamentos

#### Artigo 7

Para cumprir-las finalidades previstas na presente Lei, crearanse e organizaranse os seguintes servicios e equipamentos:

1) Servicios sociais comunitarios. Son servicios de atención globalizada que abranguen toda a problemática social da poboación dunha área o máis próxima ó cidadán e ó seu ambiente familiar e social, sendo a célula básica da xestión e programación, a través dos que se vai desenvolver toda a política de servicios sociais.

2) Servicios sociais especializados. Constitúen o segundo nivel de atención, ofrecendo a orientación e o tratamento específico dos diferentes sectores e problemática da poboación. Actúan como apoio, en estreita relación cos servicios sociais de atención primaria.

3) Equipamentos. Constitúen o soporte dos servicios sociais, tanto dos comunitarios coma dos especializados, e consistirán, entre outros, en pequenas residencias substitutivas do fogar, centros de acollida, centros ocupacionais e comunidades terapéuticas, así como centros para o desenvolvemento normal do lecer.

### Título III

#### Atribución de competencias e funcións

### Capítulo I

#### Disposicións xerais

#### Artigo 8

Dentro do marco lexislativo e regulamentario fixado respectivamente polo Parlamento e a Xunta de Galicia, a xestión en materia de servicios sociais corresponderalle á Xunta de Galicia e, no seu caso, ás Deputacións Provinciais, Concellos, entidades supramunicipais e demais entidades previstas no Estatuto de Autonomía ou referidas nesta Lei.

### Capítulo II

#### Da Xunta de Galicia

#### Artigo 9

Correspóndelle á Xunta de Galicia a realización das seguintes funcións:

1) Funcións de planificación e de programación.

a) Realizar unha axeitada planificación dos servicios xustificando as prioridades e especificando os medios destinados a levar a cabo aquilo xa planificado.

b) Programa-la creación, organización e xestión dos servicios sociais comunitarios e especializados que non sexan susceptibles de seren asumidos polos entes locais. Para este efecto, a Xunta de Galicia elaborará un mapa dos servicios sociais existentes, que será periodicamente actualizado.

c) Elaborar un sistema de información a través do cal se garanta e posibilite en todo momento o coñecemento da actividade da Xunta en materia de servicios sociais.

d) Elabora-las directrices para a planificación que os entes locais deberán de levar a cabo respetando sempre a súa autonomía.

e) Realiza-la dotación presupostaria, logo da aprobación do Parlamento, dos fondos destinados á xestión dos servicios sociais polos entes locais a partir da súa demanda e das prioridades establecidas pola Xunta.

2) Funcións de coordinación e xestión en materia de servicios sociais.

a) Coordena-las actividades dos organismos públicos e das entidades de iniciativa social que realicen actuacións propias do obxecto desta Lei, para garantir unha política social e homoxénea.

b) Co fin de garantir uns niveis mínimos de prestacións sociais xestionaranse, a través dos organismos correspondentes, aqueles servicios sociais que, polo seu ámbito de especialización, non poidan ser xestionados polos municipios e dependan da Xunta.

c) Tutelar e canaliza-la creación e funcionamento de entidades sociais e asociacións que contribúan á existencia e prestación de servicios sociais por medio das normas que desenvolvan a presente Lei.

d) O rexistro de institucións, entidades e centros adicados á prestación de servicios sociais no seu ámbito territorial.

3) Funcións de estudio, investigación, asistencia técnica e formación de persoal en materia de servicios sociais.

a) Estudio e investigación sobre as causas dos problemas sociais, as solucións aplicables e a efectividade dos medios adoptados para a súa prevención e extinción, de acordo cos medios disponibles.

b) A planificación, coordinación e deseño das estadísticas de servi-

cios sociais, así como a realización e mantemento das mesmas, e a elaboración de estudos científicos que sirvan de base para a planificación e mellor xestión dos servicios sociais.

c) Asesoramento e asistencia técnica ós entes locais e entidades públicas e privadas que o soliciten.

d) Formación permanente e reciclaxe do persoal dos servicios sociais. Esta función realizarana os organismos existentes, xa sexan públicos ou privados, e aqueles que se creen para tal fin.

### Capítulo III

#### Das entidades locais

##### Artigo 10

Os entes locais, ó exerceren as súas competencias e aquelas funcións que lles delegue a Xunta de Galicia, axustarán a súa actuación á normativa e planificación xeral da Comunidade Autónoma.

##### Artigo 11

Poderanse delegar nas Deputacións Provinciais, entre outras, as seguintes funcións:

1) A xestión daqueles servicios que, pola súa natureza ou incidencia na poboación, sobrepasen a delimitación ou as capacidades dos Concellos ou entidades supramunicipais, así como a creación e xestión de equipamentos de



carácter provincial de acordo coa programación que estableza para o efecto a Xunta de Galicia.

2) A prestación de apoio ós servizos sociais de atención comunitaria dependentes dos Concellos que o precisen, mediante a creación de equipos de carácter interprofesional que atendan áreas que, conforme ó apartado un do presente artigo, sobrepasen a delimitación ou capacidade dos mesmos ou das entidades supramunicipais.

3) A participación no estudo e determinación das necesidades que se han de cubrir dentro do seu territorio, así como na programación de recursos para a súa obtención.

4) O mantemento de estadísticas actualizadas de necesidades e servizos no ámbito do seu territorio.

#### Artigo 12

No ámbito da xestión municipal poderán ser delegadas, entre outras, as seguintes funcións:

1) A xestión de servizos sociais comunitarios ós que se refire o punto primeiro do artigo sete da presente Lei.

2) A xestión de equipamentos de carácter local.

3) A xestión das prestacións económicas individuais de carácter non periódico nos termos que establece a presente Lei.

4) Os medios para garanti-lo dereito dos cidadáns a participaren

na programación, xestión e control dos servizos e equipamentos sociais.

5) O impulso e formación do voluntariado cara á súa incorporación activa nos programas de desenvolvemento comunitario.

#### Artigo 13

A actuación dos entes locais estará orientada a unha desconcentración dos servizos nas grandes áreas urbanas e a unha busca de solucións alternativas nas zonas onde os concellos, por si sós, están imposibilitados para crear, organizar ou garanti-lo funcionamento de servizos sociais comunitarios, tendo sempre en conta a adecuada resposta ás necesidades da poboación.

#### Artigo 14

Será responsabilidade dos Concellos ou entes supramunicipais detecta-las necesidades no seu ámbito territorial. Para este fin confeccionarán estadísticas dos distintos sectores e poñerán os seus datos á disposición do Goberno da Comunidade Autónoma, co obxecto de contribuír á programación, á confección e á actualización do mapa de servizos sociais.

#### Artigo 15

No ámbito municipal promove-se a integración dos servizos sociais con aqueles outros servizos que incidan no benestar, tales como os sanitarios, culturais, educativos e urbanísticos da

Administración Pública Galega e, no seu caso, as de iniciativa social, evitando, no posible, a duplicidade e infrautilización do equipo social.

#### Capítulo IV

##### Da iniciativa social

###### Artigo 16

As asociacións de iniciativa social poderán cooperar na xestión dos servizos sociais regulados na presente Lei e percibir as subvencións que regulamentariamente se determinen, logo da súa inscrición no correspondente Rexistro, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Composición e funcionamento democrático dos seus órganos.

b) Ausencia de ánimo de lucro.

c) Adecuación ás normas e programación da Administración Autonómica.

d) Subxección dos seus programas e presupostos ó control dos poderes públicos galegos.

#### Título IV

##### Dos órganos de dirección, asesoramento e participación

###### Artigo 17

A organización e responsabilidade da política de servizos

sociais na Comunidade Autónoma corresponderalle a unha soa Consellería.

###### Artigo 18

1. Créase o Consello Galego de Servizos Sociais como órgano consultivo da Xunta de Galicia.

2. O Consello terá as seguintes funcións:

a) Asesorar ó Goberno no concernente á planificación e programación de servizos sociais.

b) Emitir informe e estudar os criterios que se adoptarán na elaboración do presuposto en materia de servizos sociais.

c) Coñecer e analizar a xestión dos servizos.

d) Emitir dictames por iniciativa propia ou a instancia do Parlamento ou da Xunta de Galicia.

e) Calquera outra que se lle atribúa no desenvolvemento regulamentario da presente Lei.

3. O Consello, como órgano de participación, estará constituído conforme ó que se determine regulamentariamente:

a) Por representantes da Xunta de Galicia, das Deputacións Provinciais, entidades supramunicipais e dos Concellos.

b) Por representantes das institucións que colaboren na prestación dos servizos sociais.

c) Por representantes das organizacións de beneficiarios.

d) Por representantes, en forma paritaria, das organizacións empresariais e das centrais sindicais, de acordo co establecido na Lei Orgánica de Liberdade Sindical.

e) Por representantes dos profesionais que traballen na prestación dos servizos sociais.

4. No seo do Consello constituiranse Comisións, que abordarán problemáticas específicas.

#### Artigo 19

A titularidade da xestión das prestacións de servizos da Comunidade Autónoma corresponderalle ó Instituto Galego de Servizos Sociais nos termos que por lei do Parlamento de Galicia se estableceza.

#### Artigo 20

1. Arbitraranse fórmulas que posibiliten a participación democrática dos beneficiarios na programación e control da xestión dos distintos equipamentos de carácter social.

2. Tódolos centros públicos ou de iniciativa social que presten servizos sociais e perciban fondos con cargo ós Presupostos da Comunidade Autónoma rexeranse por unha Xunta de Goberno. A súa organización e funcionamento determinaranse regulamentariamente.

### Título V

#### Modalidade de acceso ós servizos, axudas e prestacións

#### Artigo 21

Dentro das previsións presupostarias, e conforme ó que se determine regulamentariamente, a Administración poderá establecer concertos ou convenios económicos coas iniciativas sociais polo servizo público que prestan, sempre e cando cumpran as esixencias formuladas no artigo dezaseis da presente Lei.

As axudas para mantemento de centros e servizos determinaranse en razón ó número de beneficiarios atendidos segundo criterios de calidade, eficacia e racionalidade.

Tamén se poderán outorgar axudas individualizadas directamente ó beneficiario ou ó seu representante legal, ou indirectamente a través da institución onde reciba o servizo ó que se refire a axuda.

En todo caso, as subvencións serán obxecto de convocatoria pública, que conterà os criterios obxectivos para a súa concesión.

#### Artigo 22

Como complemento ós servizos sociais, os poderes públicos poderán conceder, nas condicións que regulamentariamente se establezan, dentro dos límites presupostarios, prestacións económicas de carácter asistencial a

persoas que se atopen en estado de necesidade por carencia de recursos.

Estas prestacións poderanse conceder, de maneira regular ou periódica, ás persoas que, polas súas diminucións, incapacidade ou avanzada idade, non poidan acceder a un traballo estable nin dispoñer de ingresos nin recursos cos que atende-las súas necesidades básicas. Así mesmo, de maneira singular, con carácter non periódico, poderanse conceder a aquelas persoas que se atopen en situacións de necesidade.

A xestión destas prestacións, na maneira que regulamentariamente se determine, poderase delegar nas corporacións locais que dispoñan de servizos sociais comunitarios.

#### Artigo 23

Os servizos sociais do sector público e os promovidos pola iniciativa social en colaboración coa Administración estarán abertos a tódalas persoas en condicións de igualdade. En todo caso, respetaranse as prioridades determinadas polos obxectivos, a adicación, o ámbito e as características de cada institución ou centro.

O acceso ós servizos estará regulado por normas de carácter xeral e público, sen prexuício dos dereitos que teñan os beneficiarios da Seguridade Social.

## Título VI Financiamento

### Artigo 24

1. O Goberno Galego consignará anualmente, con cargo ós seus Presupostos Xerais, as cantidades destinadas a facer fronte ós gastos que se deriven do exercicio das competencias que se lle atribúen na presente Lei.

2. Tódalas partidas destinadas ós servizos sociais no Presuposto da Comunidade Autónoma serán incluídas na sección correspondente da Consellería competente.

3. Na mesma sección consignaranse as partidas destinadas a subvencionar-los servizos sociais que presten os entes locais e supramunicipais.

4. As Deputacións e os Concellos establecerán nos seus Presupostos unha partida específica destinada ó mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais, de acordo coas súas necesidades.

### Artigo 25

Sen prexuício da súa tendencia á gratuidade, os usuarios con posibilidades económicas participarán no seu financiamento de acordo coa normativa que se estableza.

### Disposición adicional

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, a Xunta de Galicia remitiralle ó

Parlamento un Proxecto de Lei de creación e regulación da composición, organización, participación democrática, financiación e funcións do Instituto Galego de Servizos Sociais, en tanto que organismo autónomo, axustándose nos seus fins ós principios xerais que se establecen nesta Lei.

#### Disposición transitoria primeira

Namentres non se cree o Instituto Galego de Servizos Sociais, o Goberno Galego coordinará as actuacións e actividades das diferentes Consellerías que atingan ós servizos sociais regulados na presente Lei.

#### Disposición transitoria segunda

No exercicio das competencias exclusivas da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia procederá á estruturación e organización dos servizos e organismos transferidos de acordo cos principios contidos na presente Lei.

#### Disposición derradeira

Autorízase á Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario desta Lei.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 1987

Xerardo Fernández Albor  
Presidente